

# É Bonita, ¿Non, Si?

*Miguel Suárez Abel*

Volveuseme coma un neniño. Non de súpeto, pero paulatinamente fóiseme escorando ós mimos da nenez e por veces xa non gardo seguranza se é el ou un meniño que se me meteu na casa. Ata empequeneceu, paréceme máis miudiño, con menos peso. Unha non é que non cambiase, muller, que os anos corren para todos, pero nel notouseche moito o cambio. Xa viña de atrás, non hai para qué se enganar, pero cando levamos o susto do corazón todo deu en ir a peor. A filla xa nolo dixera: agora tedes que ter tino con el, que se ha de pór débil para os traballos e para as penas. E así foi. Traballar, nada, nin unhas achas vai buscar ó pendello para prendelo lume. E as tristezas tamén o entraron ben. En primeiro déuselle por bagoar, logo pechou a fala e por último torcéuselle o humor para todo, nin un riso lle volvín a ver. Minto, volvinllo a ver, pero para iso habemos de ir ó conto.

Cando lle deron a alta, iso non facía falla ningunha que mo dixera, estaba cansa de oí-lo pola radio e na televisión, o médico insistiu en que debía pasear, non moito, pero tódolos días. Non che foi doado poñe-lo a andar, non penses. Pero a base de porfiar -a filla puxo o seu, e o xenro tamén, non hai por qué non dici-la verdade- conseguimos que na primavera fose saíndo a dar pequenos paseos. Total nada: un paseíño ata o cruceiro, virar por diante da de Fina, e volta para a casa. Mais como a filla dicía: mellor que empece ós poucos, mamá, logo xa irá entrando. E entrou. Arre demo se entrou. Colléuchelle gusto e máis dunha vez levei un serio desgusto co que tardaba en regresar. Alá dou en buscar camiños por fóra da aldea e un dunha hora de paseo alongou a hora e media, a dúas e ata houbo veces que pasaron tres e catro horas sen eu saber del. ¿Que descubriu? O río, muller, o río. Non é que lle volvesen as falas, pero co conto das viaxes pola beira do río alomenos algo lle ía sacando da súa nenez, de cómo aprendera a nadar, de cómo se iniciara na pesca con seu pai (desde que comigo vive nunca o vin ir pescar, todo sexa dito) e de non sei cantas cousas máis... O certo é que deu en coller



algo de cor, non engordou pero máis mal non se lle vía e dei en ir collendo confianza, se cadra volví en si, non digo para a vida activa, muller, nin para o traballo tampouco, pero, xa me entendes, para ir resistindo con algo de espírito os anos que nos queden, que xa non serán moitos.

E así che estaba eu leda coma xa había ben tempo que non me vía, por un lado porque nas revisións a peor, segundo os médicos, non ía, e por outro porque eu ben vía que cada serán traía algunha novidade: que se a un bidueiro lle estaba a segui-las medras; que se o caudal descendera na última semana; que se descubrira un claro de herba á beira, coma un pradiño para dúas persoas, rodeado de sombra; que se algunha vez me parara a pensar na música seguida que se escoa entre as pedras, as ramas, os meandros... Non era moito, muller, que non penses tampouco que se alongaba nas explicacións, eran coma dúas ou tres frases que estivese preparando durante o percorrido e que ó entrar me espetaba. O bidueiro poida que para o outono xa teña medrado un dedo, dicía, e quedaba calado. A música do río non é que cambie moito de acordes, pero tranquiliza, aseguraba ó entrar outra tarde. Pero sempre ía tendo algo que dicir. Ata que cambiou os paseos para a mañá e calou outra vez coma un peto.

Un sábado ergueuse cedo, nunca lle gustou madrugar e agora menos, chamoume a atención, pero pensei se tería calor na cama e lle pediría o corpo ducharse e vestir limpo. Pero non. Disque ía pasear. ¿E como cambias para a mañá?, pregunteille sen malicia. Porque si, apoiouse nas súas poucas palabras. E deixeiño. Iráchelle mellor polas mañás agora o paseo. E tardou. Tardou de raio, xa case ía ser hora de xantar. E non contou nada. Pero non lle dei máis importancia. Nada novo habería hoxe no

río, pensei para min. Ó domingo non saíu. Estrañoume, que ata tal momento non había diferencias entre días soutos nin santos. Pero calei. Serache, pensei, que hoxe aínda vai ben sol e non lle pide o corpo andar. Para o luns volveu madrugar, aló marchou e non volveu ata a hora de comer. Pero calado. Sen fala. E así seguiu o resto da semana. ¿Seica o río agora non di nada?, tentei por se había resposta, pero nin palabra. Pois tranquila, nena, dixen para me tranquilizar, non che ha ser nada, se cadra polas mañás está menos falador. Pero algo roía en min que non che era así, que algo raro estaba a ocorrer. Para che ser clara, houbo algo que me picou na desconfianza, cambiaba de pantalón e camisa sen lle ter que lembrar nada, pero supuxen que coa melloría tamén se preocuparía de andar mellor vestido.



Tardei en toma-la decisión, eh, non penses que foi de primeiras, pero ó ver que pasaban as semanas, que os paseos se repetían sen fala, a cada paso máis cedo as saídas, máis ó tarde os regresos, fixen o que pensei. Unha mañá, deixeiño saír coma de costume, pero detrás del fun eu. Seguino sen ter moito que me ocultar, el, meu pobre, ía sen desconfiar nadiña. Levei a primeira labazada ó ver que non collía cara o río. ¿Onde irá este demo de home? Cara a cidade. Ai, condenado, ía pensando mentres o vía ir todo seguro e cheo cara a Ponte do Burgo, cruzar e entrar na praza. ¿Na praza? Ai, Santiago Apóstolo. Nunca á praza me quixo ir. Entrou, eu detrás del, e aló foi dereitiño cara un posto do peixe, dos que está no fondo. Qué virá facer, preguntábame, se nunca á praza quixo vir nin cando o obrigaba por causa dunha enfermidade ou necesidade extrema. Pois aí mo tes, dereitiño, firme e decidido. Mestureime entre as compradoras, preto

para non perderlle ollo, pero falta me fixo, sen saber cómo xa mo vexo falando cunha pescantina noviña, o pelo recollido, limpa coma un coral, ben feita porque si, á beira da que supuxen súa nai, colorada, tampouco debiera ser fea, as dúas atendendo pero sen deixar de falar con el. Achegueime canto puideron para oír e que non me visen. Falaban e rían coma se tiveran familiaridade. Ían e viñan mulleres, preguntaban, mercaban, elas limpaban, cobraban, pero el sen se mover, ós contos, coma se fora da casa. A moza, todo sexa dito, era fermosa canto quería. Daba xenio verlle limpa-lo peixe. As calzas de plástico verde nos pés, unha camiseta amarela por debaixo do mandilón branco, un moreno nada esaxerado, e un riso que non retiraba da boca nin para cortar... Cambiei de posición por se me vían, pero asexei canto puideron e ata que me cansei, porque a pescada, os rapantes e algo de marisco que tiñan as pescantinas ía baixando, pero a conversa seguía e el non era quen menos falaba. E ría, nena, non sabes cómo ría... Cansei e volví á casa. Á hora de xantar chegou serio e seco coma sempre. ¿Que tal polo río?, pregunteille. Ben, pechou o tema. ¿Quen son as que te acompañan polo río abaixo?, preguntei xa decidida. ¿Que?, sorprendeuse pero sen perde-lo tempero. ¿Que quen son as pescantinas coas que falas no mercado? Non mudou de cor nin se puxo nervioso ou ofendido por seguilo ás agachadas. A nai chámase Lucía e a filla Marta, contestou coma se lle pedise o corpo ceiba-lo segredo. É bonita, ¿non si?, afirmou cun sorriso que había moito que non lle vía. É home é, é unha rapaciña moi feita, pero de agora en diante hasme trae-lo peixe cando cho encargue. E riu outra vez sen parar de dicir, cando queiras, o que queiras, ¿non che parece mal, entón?, víase coma se liberase un peso de enriba e esa tarde volveu ó río pero xa me adiantou que á mañá seguinte lle pasase o ferro á camisa nova. ¿Que peixe queres que che traia ?, preguntou todo ledo.

Xa cho dixen, muller, volveuse coma un neno, qué lle queres...

#### Miguel Suárez Abel

Arzúa 1952. Profesor no IES L. Seoane de Pontevedra. É autor de varios relatos: "A Gran novela e outras narracións", e "O quiquiriquí" premiados no 7º e no 8º Concurso de narracións curtas Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro., e outros recompilados no libro "Selva Negra" (1994). Das novelas "Turbo" Premio Blanco Amor 1988, da novela-reportaxe "Alvaro Pino" (1989), "Sabor a ti" (1991), "O Repenique de Beatriz Goldar" (2003, premiada co relato por entregas da Voz de Galicia, da agosto 2002). Premio Julio Camba de periodismo (2002). Articulista semanal no Diario de Pontevedra.